

## ***Universidade, formación e emprego<sup>1</sup> (Crítica dunha crítica)<sup>2</sup>***

***(University, Training and Employment: critique of a critique)***

Carlos LERENA ALESÓN

Que se trata de pór en cuestión: esta é naturalmente a primeira cuestión da que se trata. Pode parecer fácil pero non sempre o é tanto. Non ceder á tentación de ofrecer unha resposta inmediata creo que constitúe, en materias complexas, unha boa táctica. Isto por unha razón; ningún problema de coñecemento é tal senón desde a particular perspectiva que o constrúe. Agora ben, falar dunha perspectiva procede só se se ten diante un cadro, uns eixos de coordenadas. Debuxar ese cadro e trazar eses eixos, é precisamente o primeiro que me propoño facer. Máis adiante, e dentro deles, situaréi e definiréi o obxecto a considerar, así como o obxectivo que asigno a esta reflexión. Anticipo xa que non é o meu propósito facer descriptivismo sen máis. Non trato de constituírme en avogado de ningunha causa particular. Con todo, todo o que aquí diga virará ao redor dunha idea central, ou se se quere, sera froito dunha perspectiva. Daréi conta no seu momento de cal é esa concreta perspectiva ou posición. Dúas observacións máis antes de comezar. Quizá haxa unha certa distancia entre o que diga e o que se quereda que dixese, ou o que se espera que ofrezca. Non nego que tratar de anular esa eventual distancia sería de boa educación. Pero creo máis saudable respectarse e respectar. Confirmar aos xa convencidos:

---

<sup>1</sup> Tradución ao galego de J. Luis Iglesias Salvado.

<sup>2</sup> Este texto é resultado dunha refundición dos materiais utilizados nunha conferencia dada no IX Congreso Nacional de AFYDE (Asociación para a formación e desenvolvemento da empresa), celebrado en Ávila, en novembro en 1985. Para o tratamento empírico dalgunhas das cuestións aquí abordadas remito ao lector interesado ao meu traballo: «Escuela, ideología y clases sociales en la segunda mitad de los años ochenta», capítulo VI de *Escuela, ideología y clases sociales en España*, 3ª edición, revisada e ampliada, editorial Ariel. Barcelona, 1986.

cabe dubidar do rendemento intelectual desa operación. Segunda observación. Sei que as ideas xerais están moi mal vistas e que sobran razóns para considerar aos discursos construídos con elas como a máis insípida das ensaladas. Con todo, creo que é necesario empezar por elas, porque o discurso sociolóxico dominante descansa en ideas xerais de pouco peso e escaso valor. Por iso, e non por razóns lexítimas, fai como que as rexeita.

### **1.- Teoloxía da Universidade ou críticas que son queixas**

Tanto dentro do círculo de expertos como no rodo da existencia cidadá, a universidade española vén sendo obxecto dunha, entre inquisitiva e inquisidora, convocatoria. Citada a declarar ante os tribunais, a universidade tenllas agora que ver coa xustiza, coa eficacia, coa razón técnica, en fin, coa razón a secas. Sometida a xuízos sumarísimos, a súa resposta -a da Universidade- parece seguir sendo a da pura e simple incomparencia. Significativamente ausente do mapa de forzas sociais operantes -quizá porque no seu estado actual sexa sinxelamente impresentable- os veredictos tenden a resolverse nunha linguaxe podería dicirse que teoloxal. Ordinariamente estes xuízos sitúan á universidade, non xa á marxe da realidade, senón noutro mundo, isto é, sinxelamente no máis alá. Constitúe materia de disputa -escolástica, e como dicía teolóxica- saber en cal dos concretos trasmundos posibles habería que localizala. Os seus críticos seica mais benevolos cren percibila no limbo dun irrealismo sonambúlico. Outros, máis radicais tenden a situala preferentemente no infemo dun inmovilismo conxénito. Non poucos profesores e alumnos están certos de que se trata dun particular purgatorio de prazos cada vez máis longos. Queda o discurso dos días de festa -ou, quizá de funeral-, ese que afirma, entre bocexos, que aquí seguimos instalados nas altas e celestiais esferas.

Sobre a base dese acordo, parece que xeneralizado -isto é, o acordo de que o reino da universidade non pertence a este mundo- é desde onde, os menos pesimistas, tratan de organizar tentativas operacións de salvamento. Terrenalizala, rescatala, espertala á vida civil, adaptala, racionalizala: esta é aquí a universal consigna. Tan unánime é o acordo que parece lexítimo o exercicio da sospeita. Xa que logo, a partir de aquí, comezan as dúbidas. Polo pronto, repárase en que tanto ese diagnóstico que tende a situar á universidade noutro mundo, como eses programas que tratan de axustarlle as contas e traela a mandamento e a lei, son aquí ordinarios -é o ritual- polo menos desde fai douscentos anos. Basicamente estamos nas mesmas desde que comezou a película, quero dicir, desde os inicios da sociedade contemporánea. Son moitos anos e moitos discursos como para non desconfiar desas críticas convencionais á universidade, cuxa única virtude é converter a esta nun muro das lamentacións de clara funcionalidade litúrxica.

Primeira cautela: seguramente a institución universitaria non podería chegar ao grao de irrealismo que no presente goza, se non fose por unhas moi profundas e reais causas. Está por ver se este razoamento realista entendeuno esa usual crítica feita precisamente en nome do realismo. Segunda cautela: dificilmente estaríamos diante dunha pura excrecencia histórica, sen outra lei que a da inercia e a do inmovilismo. Isto por unha razón sinxela: dentro dunha sociedade dinámica, se só fose iso, sería xa varrida do escenario público. Pola contra, alá onde esta excrecencia medieval non existía -a sociedade estadouni-

dense, o país das marabillas do capitalismo máis puro- foi necesario precisamente inventala, rescatala. Terceira cautela: esta institución, que vén de tan longo e que é capaz de provocar tan sostidamente a ira, lonxe de representar gratuitamente un peso morto para a sociedade, desempeña nela funcións, non de cultural adorno, nin de eficacia produtiva, senón sinxelamente de pura supervivencia: produce efectos vitais en orde á organización da convivencia. É por iso polo que dura.

Situár a universidade en espectrais ultramundos pode equivaler a non entender nada. Por exemplo, a non entender que esa é precisamente a súa táctica: mirar cara a outro lado, situarse no máis alá para así poder producir os seus reais efectos, isto é, as súas funcións ocultas. Actuando no presente dunha puntual e actualizada intrahistoria, non é ela a que está instalada nun remoto pasado, senón ese doente discurso universitario que confunde sistematicamente crítica con queixa. Escandalosa caixa de resonancia, a universidade ten o reloxo perfectamente en hora e é un dos máis sensibles barómetros do que en serio cabe chamar actualidade, e mellor, presente histórico. Traducíndoos a uns particulares termos, os problemas que nela se manifestan, pertencen en realidade ao xogo de estratéxicos mecanismos da estrutura social. Co que nada de illamento nin de pasadismo: na universidade española estamos á última. Repásese se non o que di hoxe a follá do calendario. Depresión económica, que se traduce aquí en desmoralización xeneralizada do mundo académico. Retracción do investimento produtivo, que quere dicir aquí falta de estímulos para o estudo e para o traballo creador e serio. Inflación de prezos que significa aquí inflación de títulos. Crise de autoridade: que se lle pregunte por ela ao profesorado, quen nesta materia sábeo case todo. Crise de lexitimidade; a cultura académica está tamén na primeira liña desa fronte. Desencanto político; aquí estamos, non xa encantados, senón realmente enfeitizados con esa cousa do desencanto. Situados ao cabo da rúa; aquí tamén, pero non só desa rúa, senón tamén daquela e da outra. Anomia, falta de normas, perda de conciencia colectiva; tamén neste asunto na universidade marchamos á cabeza. Este noticiario podería estenderse *ad nauseam*. Pero non só nese plano, porque en materia de modas político-opináticas tamén estamos, como dicía, á última. Reacción conservadora, freada, regreso, marcha atrás: este prudente retroceso está avanzando cos seus académicos pés de chumbo polas aulas e polos claustros. Parece que está próximo o asalto final. Valla utilizar palabrotas; reaganismo, retrosocialismo proto-neo-liberalismo: todo iso e máis non anda soamente por aí fora. Está, por exemplo, traducido aquí dentro, configurando, e en primeira liña, o actual debate sobre a universidade.

Aínda que con isto, creo que o touro quedaba colocado moi preto do seu sitio –tiña dito proto-neo-liberalismo- antes de empezar paréceme conveniente explicitar esta cuestión: que pode achegar un sociólogo dentro desa obviamente necesaria tarefa civil e cidadá de racionalización da universidade, e iso aquí e agora. Creo sinxelamente que a súa achega máis positiva debe consistir, non en colaborar directamente no deseño deste ou o outro programa de salvación senón en criticar a usual debilidade das bases sobre as que descansan o diagnóstico e o programa de acción que neste momento estanse -polo menos mentalmente- impondo. Para dar no cravo, quero dicir para transformar a realidade, é necesario coñecela, e iso non nos seus procesos de superficie, senón nos seus mecanismos profundos. Dentro dese terreo -e non no dos arbitrios- creo que se sitúa a posible

contribución realista e construtiva da socioloxía. Practicar a crítica, criticar aos críticos convencionais da universidade isto é o que creo que forma parte do seu natural oficio e da súa solidaria colaboración.

Comprobado que a mesa na que eu traballo ten patas -cousa normal pero na que cada cal non sempre repara- paso a facer unha primeira definición do obxecto desta reflexión. Trato de ocuparme criticamente dunha particular crítica da universidade. Esta crítica, que vén dominando os debates durante os últimos anos incorpora un concreto diagnóstico, así como un máis ou menos implícito conxunto de liñas de actuación. Aínda que quedaría quizá máis elegante, creo que non debo calar algúns nomes públicos desta posición: usualmente chámana tecnocratismo, neo-liberalismo. Cómodos descalificativos certamente. Pero xa que os mencionamos non sería xusto deixar de engadir *social-democracia*, ou *psocialismo* e en fin, un a un todo o resto do espectro, incluída a *crise da esquerda*, esa pantasma que percorre Europa. Polo de pronto, ningunha ideoloxía política monopoliza a posición da que se vai tratar. Quizá máis atinado, sería dicir simplemente signo dos tempos: neste punto que máis dá. Un sociólogo só debe utilizar argumentos: non etiquetas, senón razóns contra razóns. Sería facilísimo citar autores enumerar textos; matizar posicións; a monótona bibliografía crece sen parar. Tampouco interesa considerar aquí os intereses de quen teñen interese en pensar isto ou o outro acerca da universidade. Trátase de pór en causa sen máis un converxente diagnóstico así como os seus corolarios prácticos, e iso no plano do coñecemento sociolóxico. Non me propoño contradicir en redondo esa posición: adianto xa e deixo dito que me parece en xeral sensata. Non trato de quitarlle a razón. Tampouco de darlla. Realmente non me interesa o que di: é unha lectura demasiado corda e demasiado insípida para non sospeitar que máis alá do literal trátase doutra cousa. Interésame o que cala. Desde unha perspectiva crítica trato de ampliar os termos do debate, situando a este nun contexto máis amplo e examinando as limitacións da devandita posición, así como o seu significado histórico e global.

## **2. Educación, emprego, tecnoloxía: cara a unha restauradora Santa Alianza**

Baixo o rotulo *universidade e emprego* vense producindo entre especialistas un espeso conxunto de discursos ou se se quere de textos, se non sempre de carácter oficial, se polo menos de curso legal: a moeda corrente neste ámbito. Basicamente trátase dunha perspectiva que relaciona o catatónico estado de postración da universidade -dentro do que se percibe como delirio cuantitativo- ben co mercado de traballo, ben coa formación -por exemplo, o slogan da *calidade do ensino-*, ben coas empresas, ben máis amplamente co sistema produtivo e as *novas tecnoloxías*, como as chaman. Máis que dunha concordanza de posicións concretas trátase de que o reducido abano destas tende a descansar nunha compartida formulación básica. Sintetizar esta formulación: esta é agora a cuestión. Polo de pronto, o que o discurso dominante sitúa no centro do debate é o que considera como función profesional da universidade. Con este invariable centro, a súa reflexión ten así mesmo un invariable pano situado ao fondo: fluxos ou levas crecentes de alumnados, taxas de desemprego de titulados, estimacións sobor do alcance do subemprego, taxas de abandono dos estudos e outros indicadores de rendemento interno, idades medias da

poboación retida nos recintos universitarios, opinións dos empresarios sobre o valor de uso dos egresados e en fin outros elementos dunha aritmética moi sumaria.

Non preciso dicir que esta aritmética reflicte unha realidade máis ben malpocada. Lexitimado por esa crónica estatística e negra e pondo en causa a formación de profesionais nas aulas universitarias, este discurso considera sobre a base dese labor, o rendemento interno, a calidade do produto, a rendibilidade do investimento, a utilización alternativa de recursos, en suma, a eficacia produtiva da universidade. Non é necesario insistir en que tampouco por este lado saen ben as contas. Que contas? Parece estar claro: as que faría unha empresa mercantil. Efectivamente, a formulación de referencia non esta afastada de concibir á universidade como unha empresa industrial cuxo obxecto fose o de producir unha mercancía particular: profesionais. Certo que por anticipado se recoñece que a institución universitaria ten, non só ese senón outros dous labores e funcións que cumprir: está a cultura e está a ciencia. Con todo, nestes discursos o apercebemento destas dúas encopetadas donas dá ocasión a unha reverencia, pero non dá lugar a ningún asento contable. Que a universidade tamén ten tratos con elas constitúe un recoñecemento de pura cortesía, unha mera concesión verbal. Ante temas tan serios e coma se fosen adornos, ou se se quere, mulleres de verdade, prescindese da súa consideración e iso sen máis.

Dito con outras palabras un pouco máis formais. Suponse que o realismo e a sensatez deben concentrarse nunha reflexión contida no terreo da profesionalidade dos egresados. Facer que a cousa funcione: a universidade, a sociedade, o que sexa. Que funcione e punto como se di agora. Esta parece ser a linguaxe da época. Rexeneracionista e pragmatista, este propósito parece lexítimo e quizá plausible. Agora ben, nótese que ese implícito rexeitamento, tendente a evitar estériles discusións acerca do balance que do funcionamento actual da universidade podería efectuarse no plano da cultura, pode ter como efecto remachar polo menos dous cravos. Primeiro, suponse que os efectos culturais daquela forman parte dun mundo espeso e incontrolable: o do consumo ostentatorio como necesario gasto suntuario. Sobre esta esfera conviría pasar por encima, dado o seu carácter evanescente, polémico, ideolóxico. Nada de refregas ideolóxicas, porque o pragmatismo aspira a constituírse na sola ideoloxía lexítima. Segunda, reclámase que a función social da universidade -tradicionalmente envorcada nese consumo- debe virar e debe centrarse precisamente no plano da produción. Creo que por esta porta poden deslizarse moi graves equívocos de fondo. Esquecer e descoñecer que, non xa a existencia, senón o rendemento máis eficaz do sistema de ensino, así como os intereses, os protagonistas e, en suma, todo o que de esencial ocorre nel, non está pendente nin colocado de face ao mundo da produción, esquecer isto, digo, relacionando directamente o devandito sistema -ou a Universidade- co sistema de produción -ou co emprego- equivale, creo, a non entender nada. Isto supón colocar o debate tacticamente no limbo. Adianto que é sobre todo este flanco -a discusión destes orzamentos básicos- o que aquí nos ocupará.

Por outra banda, estando excluído do razoamento todo o que non sexa función profesional da universidade, ese razoamento desenvólvese coma se outras dimensións da realidade do ensino fosen simples engadidos susceptibles de ser deixados fóra. Suponse, en suma, que non interferen de modo esencial o problema a tratar. Esta autonomización do que se chama profesión arrisca, no meu criterio isto: colocar a esta formu-

lación de costas a un real tratamento da consideración das profesións superiores -e da súa formación-, as cales son inintelixibles, illadas das condicións sociais e culturais dentro das que se desenvolven. Coñécense algunhas perspectivas clásicas: por exemplo, a oposición weberiana entre o home cultivado e o experto, pivote dos avatares da educación e da cultura contemporáneas. Non xa a ausencia de coordenadas ou marcos deste tipo esta aquí notoriamente presente -valla a expresión-, senón que faltan as máis elementais consideracións: desmaio das profesións liberais, proceso de salarización, proletarización do traballo intelectual, significado social das *novas tecnoloxías* -e das novas formas de explotación-, especificidade da cultura propia das modernas empresas como particulares microcosmos non xa de orde económica, senón de orde política e cultural. Sometido a un espartano e a pan seco réxime sociolóxico -a mera abstinencia- a formulación técnica sitúa o problema nunha reductora e estreita perspectiva da que o simplismo creo que constitúe a máis leve das ameazas.

Máis aló do terreo das formulacións -implícitas máis ben- o discurso dominante resólvese aquí nun básico diagnóstico e escorrega cara a un usualmente non formalizado programa de acción. Aínda que fai esforzos por profundar na análise as súas características categorías de pensamento son poucas e recorrentes. Trátase dun estreito círculo de nocións materializado nunha particular e coñecida linguaxe ou campo léxico. Dentro desta semántica algunhas pezas son estas: *inadecuación* ou *inadaptación* ou *desaxuste* -entre universidade e emprego, ou entre ensino superior e sistema produtivo-, masificación da universidade, *deteriorización* ou *degradación* do ensino, *sobreproducción* de titulados, *infracualificación* dos egresados, *calidade do ensino*, *novas tecnoloxías*, E así outras complementarias. Dentro deste círculo de categorías mentais é onde o especialista encérrase a traballar. Discute esas categorías, trata de matizalas, sométeas a proba, non se mostra moi seguro de que sexan suficientes, enrólaas e desenrola: o decisivo é saber que é nese círculo sobre ese chan de categorías, onde se desenvolve. Todo iso para pór ao final o que atopara ao principio. Conclúe dándonos con elas na cabeza, porque en definitiva e aínda que sinxelos, números cantan: *masificación*, *degradación*, *inadecuación*, *sobreproducción*, *infracualificación*, e que siga rodando a bóla. Rodando a bóla, porque esa reflexión ten por obxecto o que son auténticos cantos rodados do pensamento dominante neste campo.

Como todos os discursos forenses, o discurso sobre *educación e emprego* podería empezar polo final: por explicitar a política que propugna ou na que escorrega. Con iso o pragmatismo aforrariáese ese caracteristicamente baleiro formalismo, cheo de números, que usualmente practica. O dito doutro xeito. Como se esperaba, o círculo de categorías mentais que pecha o diagnóstico básico sobre a universidade, complementábase con outro círculo a modo de corolario e en forma de receita. Todo estaba previsto para que chegase este momento: o de sacar o talonario. Estas son algunhas das contas do rosario que se aconsella ir debullando: conter, moderar, canalizar dalgunha forma os efectivos escolares -suponse que de modo sutil e non groseiro-; primar os fluxos de alumnado aos ensinos de ciclo curto; orientar aos estudantes a fin de clarificar os procesos de elección de carreira; chamar á responsabilidade do profesorado; elevar os baremos de esixencia, tanto intema como no seu trato co alumnado; emprender a batalla da calidade do ensino; neutralizar os efectos da negra trama dos intereses corporativistas de amplos sectores académicos; pro-

fesionalizar o exercicio docente; complementar a docencia e o traballo de investigación; someter a algún tipo de control burocrático o traballo académico; obstaculizar a non exclusiva dedicación dun sector do profesorado; abrirse e conectar coa contorna social; facer intervir ás corporacións profesionais, aos representantes do mundo empresarial e a outras instancias civís na discusión e elaboración dos novos plans de estudo; estimular a iniciativa privada e, así mesmo, a autonomía local; favorecer a diversificación -e xerarquización- dos centros creando as condicións que acrecen o estímulo e a emulación, isto é, as sas concorrencia e competencia, eixos dunha sociedade plural asentada nunha economía de mercado, cuxos virtuosos resortes ignoraban -ofuscados polo sectarismo- quen antigamente falaban de réxime de produción capitalista. Quede con isto, tanto as variantes como o etcetera, sobreentendidos: pouco sorprendidas.

Naturalmente, non se trata de pór en dúbida a cantidade de boa vontade, de sensatez e de cordura que hai tanto neste elemental diagnóstico como nestas básicas orientacións para a acción. Seica estas últimas poderíanse concretar nunha, á que de modo explícito e caloroso adhirome: guerra sen cuartel ao académico *boss*; fin da ignominiosa guerrilla de corredores e das miserables intrigas sobre posicións funcionariais; constitución dunha comunidade científica que faga posible falar de ciencia española. Pero xa o dixen, en relación ao discurso dominante sobre *educación e emprego* non me interesa considerar nada do que di de manifesto. Por unha razón: porque na orde do coñecemento creo que é dunha banalidade grande e por iso sospeitosa. Parece que sabe o que di, pero creo que non di o que sabe. Isto segundo -o que oculta- é o que me interesa pór en cuestión.

### 3. Cadros que non cadran

Polo de pronto, que é o que neste ámbito dá ao discurso dominante a súa forza? Preséntase como produto dun razoamento técnico moi pegado á verificación empírica. A súa forza estaría na súa aproximación aos feitos. Por outra banda, ofrecería unha explicación ou comprensión global -isto é, unha teoría- axustada á realidade, capaz de proporcionar unha boa comprensión da situación. Podería nestas condicións reclamar a autoridade que dá o coñecemento empírico e o coñecemento teórico, ambos integrados. Pero non só isto. Non como simple ingrediente senón a título central, invita a apearse dos académicos vicios capitais, contén unha chamada á conciencia cívica, apela á moral cidadá. Realmente case atafega verllas con quen están tan cargados de razóns técnicas, teóricas/explicativas, morais e de todo. Polo menos ata que non se demostre o contrario. Ocioso é engadir que se se trata de demostrar, aquí non se vai a chegar a tanto. Naturalmente por falta de tempo e de espazo, e ata de gana.

Razóns técnicas -científicas que dirían algúns- creo que non as teñen; mecánicas, quizá. Certo que se trata dunha formulación técnica: é o, e sobre todo quérese presentar como tal. Polos carreiros, máis ben sinxelos, dun particular xogo dialéctico entre cantidade e calidade, medios e fins, custo e beneficio, téndese enseguida a escorregar nunha cuestión de natureza meramente contable: realizar unha conta de resultados e propiciar un axuste mecánico ante unha situación de desequilibrio cuantitativo. Ou, dito doutro xeito, un problema de encaixe de fluxos e un problema organizacional. Se se tratase dun deba-

te entre expertos e entre técnicos aí cabe toda a cuestión. Ocorre, con todo, que iso que ideoloxicamente chámase os feitos vai moito mais alá das estatísticas oficiais de fluxos e dos contables asentados. Haberllas cos feitos, estudar empiricamente a realidade, esixe moito máis que a utilización das aritméticas catro regras, aplicadas a cadros estatísticos cuxa tónica non está lonxe de ser, non xa a falta de exactitude, senón a falta de simple veracidade. Non é coa axuda deses datos oficiais e mostrencos senón contra eles, como creo que aquí debe construírse a socioloxía empírica. Non espero escandalizar a ninguén observando que, no noso país, en punto a información estatística sobre ensino dispónse dalgúns materiais susceptibles de ilustrar con eles oportunos artigos de prensa, pero non existe unha elemental infraestrutura coa que se poida traballar en serio e en profundidade. Ninguén pode arrogarse autoridade no plano da suficiente verificación empírica de problemas complexos. Ofrécesenos a sumarisima contabilidade da superficie da realidade social e dalgúns centímetros máis alá.

Para falar responsablemente das relacións entre a universidade e o emprego, iso no terreo empírico, habería que coñecer cal é a situación dunha serie de puntos centrais cuxa enumeración non é difícil facer. Por exemplo, habería que coñecer estatisticamente -a través de verdadeiros estudos lonxitudinais- procesos tan elementais e básicos como os seguintes: onde están situados os licenciados na estrutura ocupacional; que abano de postos diferentes ocupan por especialidades, tanto na administración como nas empresas; en que tarefas, destrezas, tipos de personalidade, materialízanse esas posicións; que graos xerárquicos correspóndenlles nos ámbitos do poder, do prestixio, dos ingresos; que diferencias existen entre as distintas carreiras, grupos de idade, sexo, diferentes sectores laborais e tipos de empresa; que relación existe a igual título académico entre a orixe social e o posto que se ten na estrutura ocupacional; que relación se dá a igual titulación entre orixe social e situación de paro e de subemprego; cal é o alcance técnico, profesional e psicosociolóxico do subemprego nas diferentes carreiras; por medio de que canles ou vías -oposicións, entrevistas formalizadas, relacións persoais- acceden os licenciados aos diferentes postos; con que criterio se leva a cabo o proceso de selección dos candidatos con títulos superiores para as diferentes categorías de posicións e iso máis alá das trampas vulgares das vulgares enquisas de opinión: criterios declarados e criterios ocultados, isto é, verdadeiros; que significación social, cultural e técnica ten a formación que dispensan, tanto as empresas especializadas niso, como aquelas que cobren as súas necesidades internas por se mesmas; que repercusión teñen as innovacións tecnolóxicas e as novas formas de organización empresarial no ámbito das destrezas técnicas correspondentes aos distintos postos ocupacionais de nivel superior; que criterios de mobilidade e de ascenso rexen nos distintos ámbitos laborais e cal é o peso do só título académico neses procesos; que rendemento ten un diploma escolar no mercado matrimonial; con quen casan a igual orixe social as mulleres que teñen ou non teñen título de licenciadas.

Non tendo respostas empíricas sólidas a estas primeiras cuestións e a outras moitas que se poderían engadir, o discurso dominante sobre as relacións entre a universidade e o emprego atopa a súa forza, non no coñecemento empírico, senón paradoxalmente mercé ou en grazas a un xeneralizado descoñecemento profundo. Dentro do seu propio



terreo, isto é, no plano técnico, é no baleiro onde a súa autoridade descansa. Cando na orde empírica os coñecementos son magros, se non nulos, están chamados a triunfar os aprendices de bruxo, quero dicir, os expertos en operacións administrativas dun simplismo de natureza exemplar: ilustrar coas táboas estatísticas máis primarias o aritmético desaxuste/barullo entre estes ou os outros fluxos.

Para ir máis aló dese coñecemento de carácter puramente administrativo existen dúas vías, sen máis. Unha consiste en utilizar hipóteses contrastadas en investigacións a poboacións concretas ou en estudos cualitativos susceptibles de tomar o valor de modelos, e iso basicamente na área da socioloxía da educación e da socioloxía do traballo, incluída a socioloxía da administración pública. Certamente por esta vía -e dada a escaseza de investigacións solventes o rendimento non pode ser alto. Outra -máis importante- consiste en tomar nota daqueles puntos claves para os cales noutras sociedades ou países existen respostas empíricas contrastadas. Certo que aquí coñecemos moi ben ese lamentable xogo de comparar o que non é comparable: os meros grandes números. Xeneralizada, esa práctica exhibicionista de contrastar estatísticas internacionais de carácter global e uso meramente contable ten sentido non dentro do traballo de coñecemento senón dentro dunha tarefa de administración e de xerencia. Comparar a situación cuantitativa e global do alumnado destes ou os outros países -sempre diferentes- cadra e corresponde a unha particular perspectiva para a cal, non xa a sociedade española, senón o resto dos pedazos de que o mundo consta constitúe unha gran leira a administrar. Esta perspectiva xerencial non podería ser a do coñecemento científico certamente.

Ocorre que sen ser nos seus resultados nin moito menos semellantes aquí ou alá, entre a lóxica de funcionamento do sistema produtivo, a organización social da cultura e o sistema de clases sociais existe unha mínima rede de relacións confirmadas empíricamente. Non hai razón suficiente para pensar que somos diferentes, senón ao contrario, de bo xuízo é admitir que eses principios e esas leis funcionan aquí tamén e están rexendo os procesos sociais de base. Sobre esa rede de relacións que se chama universidade/emprego, isto é, sobre ese mapa de realidades aquí apenas explorado, coñécese no entanto feitos esenciais, así como un conxunto de claves explicativas, as cales noutros contextos probaron xa, dentro de marxes aceptables, o seu valor. Certo que sería cometer unha bobada tratar de facer unha listaxe deses feitos e desas claves. Pasa cos coñecementos o que coas virtudes: exhibilos equivale a negalos. Non falar deles, senón desde eles, porque tamén aquí o movemento demóstrase andando. Poden sinalarse, con todo, tres campos esenciais nos que empíricamente coñécese mecanismos de funcionamento básicos. Un primeiro campo, o relativo á administración pública, tradicional instancia de absorción de cuantiosos continxentes de egresados (corpos de funcionarios públicos) e iso a través dun instrumento específico -as oposicións-, o cal constitúe unha prolongación da lóxica de funcionamento da universidade. Un segundo campo, relativo ás condicións de traballo nas empresas actuais. En fin, un terceiro: o da incidencia das clases sociais, tanto dentro de todo o que ocorre na universidade, como de todo o que ten lugar no mercado de traballo e na inserción e traxectoria profesional. Deixando aparte o primeiro, paso a referirme, sucesivamente e a grandes zancadas, a estes dous últimos campos.

#### 4. Mercado de emprego e Mercado da personalidade

Poñamos a un lado -repito- o traballo dos licenciados na administración pública. Practicamente liquidadas xa as profesións liberais, os titulados na súa inmensa maioría exercen como asalariados: unha obvia e importante observación que non se fai, tratándose de dúas moi diferentes posicións. Máis obviedades. Como organización burocrática que é, unha empresa mercantil constitúe unha especie de microcosmos social e cultural dentro do que rexen unhas determinadas regras. Polo pronto, unha concreta división xerárquica de posicións e un particular sistema de valores, de expectativas, de normas, de sancións. Canto máis alta é a posición que se ocupa dentro desa pirámide xerárquica, menos procede falar de cualificación no sentido puramente técnico, isto é, no sentido que ten esa palabra cando é lexitimamente utilizada, a saber, dentro do ámbito das ocupacións manuais. Tratándose de titulados non é exactamente a cualificación o que está posto en xogo: o que se espera dun bo fontaneiro non é da mesma índole do que se espera e esíxese a un licenciado.

Falar de infracualificación dos actuais egresados é estragar de raíz a cuestión. Non é simplemente nin fundamentalmente iso que se chama *preparación profesional* o que aquí se pon en liza. Baixo ese eufemismo latexa efectivamente un conxunto de destrezas, de habilidades, de capacidades: pero no esencial, esas cualificacións están situadas na orde simbólica, ou sexa, na esfera dos comportamentos culturais. Que sexa un experto na manipulación de símbolos; que sexa capaz de interiorizar unha particular linguaxe; que estea en disposición de despreñar unhas específicas formas de autopresentación; que estea adestrado nunha certa marxe de distanciamento e que practique ata un determinado grao a diletancia; que saiba desenvolverse no ámbito das relacións interpersoais; que sexa destro e experto no exercicio de certas formas de autoridade. Non é da cualificación senón do tipo de personalidade do que en definitiva trátase.

Para postos estratéxicos é indiferente que alguén teña o título de avogado, ou de economista ou de enxeñeiro: dino ata os anuncios de prensa. Estar disposto -subxectiva e obxectivamente- a practicar con espírito deportivo as regras do xogo que nos planos interpersoal e social, e a título de indiscutibles leis naturais, o capitalismo, en definitiva e co verbo ao final como en latín, dita e manda: é do que se trata. Expresado con outras palabras. Todo indica que aos empregadores éles basicamente indiferente o particular contido de tal ou cal plan de estudos: pasan por encima deses contidos. Sobreentenden que eses plans constitúen a resultante do xogo de forzas entre o profesorado: e non se equivocan. Son menos puntillistas, menos pragmáticos, máis partidarios do xeneralismo, e ata quizá da filosofía -unha palabra que utilizan, ao seu modo, moi a miúdo- que moitos membros do profesorado. Ante un candidato co *título* de economista os empregadores saben que están fronte a alguén que foi capaz de pasar centos de exámenes, o que non é pouco mérito, ou o que é igual: revela bastante capacidade de aguante. Suponse ao recien titulado certo adestramento en materia de relacións xerárquicas, así como o uso dunha determinada linguaxe e a posesión de certos -incertos mais ben, por librescos- saberes. Para unha gama moi ampla de postos, que máis dá o contido concreto do plan de estudos: dentro dos males menores é onde o empresario coloca esa cuestión.

Non é o curriculum, en suma, o que lle preocupa, senón o que hai debaixo. Como, a diferenza do profesorado, o empresariado non é un namorado da festa -da cultura- élle bastante indiferente a liturxia seguida na sorte de varas: é o resultado da mesma o que lle interesa. Cualificacións medias e globais no expediente? Con mais lóxica que aqueles profesores que ven aí un mérito intelectual -porque tenden a pensar que todos os alumnos van ser ou opositores, é dicir, funcionarios, ou examinadores, ou sexa profesores- os empregadores toman o expediente polo que é: un indicador do grao de adaptación escolar sen máis. Que os licenciados novos estudaron moita teoría, pero nada de práctica: este reproche, máis que típico dos empresarios é propio dos profesionais adultos. Non poucos destes profesionais non son licenciados, polo que se comprende que sosteñan unha particular batalla -interxeneracional- cos recén egresados: de aí a chuvia de descalificacións. Pola súa banda, o empresario non é bobo, e aínda que normalmente cre que iso da teoría, as humanidades e demais son paparruchas sabe ben que poden ser paparruchas rendibles: no curso dun xantar un auditor pode con elas facer que aos seus balances concédaselles crédito e cadren.

Máis alá da credencial do título aos empregadores impórtanlles basicamente dúas cousas: un determinado conxunto de calidades consideradas inherentes á propia persoa e a maior ou menor capacidade de adaptación a través dun proceso posterior de formación implícita ou explícita do candidato. Boa parte desa celebre *inadecuación* e *desaxuste* entre universidade e empresa non é tal. Tanto a cuestión de *como* saen -con certas básicas regras de xogo xa internalizadas- como a cuestión de *cantos* saen -moitos máis do que sería bo para a súa propia capacidade de negociación- non constitúen, en boa parte, problemas para os empresanos: ao contrario.

Sintetizando e ampliando este cadro, cabe facer dúas observacións. *Primeira*, que aos empresarios españois non lles abura, nin pouco nin moito o que pasa coa universidade: tómano como un dato. Só esixen da universidade unha virtude: a de que exista. Virtudes, ademais desa, ten para eles varias. Por exemplo, benefíciense da presión da oferta -de titulados- o que se reflicte, por exemplo, no plano da xerarquización ocupacional e no plano dos salarios. Así a devandita presión favorece a existencia de dous mercados de emprego. *Un*: un mercado de titulados sen máis -homoxeneización/proletarización de ocupacións medias- con salarios á baixa. *Dous*: un mercado de titulados/titulados chamados a postos estratéxicos e comportando unha forte vinculación *persoal á empresa*, *cuns fortes incentivos discrecionais* e *iso dentro dunha xerarquización rigorosa*. *Segunda* observación. Cabe dudar de que para os empresarios esta situación sexa máis custosa que a que supuxese unha universidade de estreitas marxes cuantitativas. Desde logo que lles supón dous custos: o de establecer, ampliar e profundar un sistema propio de selección e un sistema propio de formación. Isto é o que se está facendo: sábese que no noso país o mercado do que se chama *alta formación* tiña fai seis anos proporcións xa calladas. Pero estes custos comportan unha dobre e impagable vantaxe. Primeiro, a vantaxe de non estar sometidos aos criterios de selección interna usados pola universidade -criterios que son absolutamente distintos aos seus-, senón ao contrario capacidade de impor eses criterios. Segunda vantaxe, proporcionar unha formación *ad hoc*, non xa para o posto concreto, o

que inclúe un mínimo de destrezas, senón, sobre todo, para a necesaria interiorización das regras que rexen nese particular microcosmos que son as empresas.

### 5.- Reparando no obvio

Outro campo, no que se coñecen certas claves de funcionamento básico: a incidencia das clases sociais, tanto nos procesos anteriores -isto é, no ámbito do emprego- como dentro do ámbito do ensino universitario. Non se trata de insistir, pero existen investigacións de peso -ata non son descoñecidas no noso país: poucas e non adoitan ser consideradas- para ter por certa esta incidencia. Nin o acceso á universidade, nin o proceso de elección de carreira, nin o rendemento académico, nin os modelos básicos de comportamento escolar e social, nin as expectativas de inserción profesional, nin o nivel de esixencias, nada é indiferente á condición social. Certo que de pouco diso existen aquí boas medicións, pero falar de simples hipóteses equivalería a pechar os ollos: noutros países hainas. Non necesito insistir en que sentido opera o sexo e a clase social.

Todo indica, por exemplo, que dentro dun ensino tradicional e pauperrimo os *mellores* estudantes (-expediente *dixit*-) son tipicamente as mulleres e os membros das clases desprovistas de cultura: os máis escolares, os máis adaptados a rituais arcaicos, os que máis claramente tenden sempre a buscar e a dar a *boa resposta*, os que con mais avidez demandan autoridade, catecismos, fórmulas, programas e exames puntuais. Este sector do alumnado necesita titores. Dentro do aula a usual didáctica do *mellor* profesorado é máis rendible cun alumnado, por unha banda realmente interesado no saber, e por outra, procedente de familias cunha dose alta de cultura. Iso por unha razón elemental: entre o discurso profesoral de *calidade*, tanto no seu contido como na súa forma, e o *ethos* das familias intelectuais de clase media-alta e alta existe unha afinidade sociolóxica. Dito cunha linguaxe forte: se se quere conseguir eficacia niso que se chama *calidade do ensino* habilítense outras espazos, que non os universitarios, para aquela parte do alumnado feminino, así como tamén para aquela parte dos estudantes procedentes de familias sen unha relación intensa coa cultura que non demostren un interese relativamente máis alto, unido a un eficaz sobreesforzo. Pero hai cousas moito máis elementais. Por exemplo, tomar unha media aritmética das cualificacións escolares -bo quizá para a xustiza ou para o *mérito*- como indicador de *bo alumno*, constitúe -desde unha perspectiva intelectual que repare na capacidade de pensamento autónomo- sinxelamente unha aberración.

Outra que ten aquí trazas de ser lei: a maior presión da oferta -de titulados- máis peso ten, non o que dá a universidade, senón o que transmite a familia. Aquela outorga os títulos, esta -la familia- dá a *clase*. *Ter ou non ter* clase non é nin moito menos indiferente, senón xusto o contrario, dentro dese mercado da personalidade que é, a determinados niveis, o mercado de traballo. Loxicamente ata fai vinte anos non había ningún problema e a universidade era moi xustamente unha especie de *ceo*: estaban nela os *xustos*, isto é, os que pertencían a unha determinada clase social. Que importaba que na universidade pasase iso ou o outro no plano intelectual? Aquel alumnado non tiña necesidade de aprender nada, só bastaba que a universidade confirmáselles na súa futura situación de mando: o título consagraba iso que xa tiñan, isto é, clase social. Colocaba aos egresados nunha

posición social desde a cal exercíase unha profesión segura, calquera incompetente -cabe pensar que obxectivamente eran máis incompetentes que agora- podía, non só facer con autoridade de médico ou de avogado, senón selo, cando profesionalmente acertaban non era, tanto polo que sabían senón máis ben polo que eran, pola autoridade que lles daba a súa posición, Por exemplo, un médico podía favorecer aos seus enfermos, non por razón dos seus coñecementos, senón en graza ao aura de infabilidade que, debido a condicións, non técnicas, senón sociais, estendía ó seu ao redor a súa soa presenza, Salamanca non dá o que *natura* non presta. Este vello *dictum* é agora, a universidade non dá -dá só o título- o que nas actuais condicións é o esencial: o que dá a familia.

Certo, cousas elementais. Só que desde unha perspectiva administrativa non interesa considerar estas situacións para cuxo exame -insisto- hai un mínimo suficiente de materiais empíricos. Falando de administrativos e de contables, isto é, de especialistas en fluxos: hai razóns ata para pór en dúbida a súa competencia como talles. Non parece que teñan reparado nun absolutamente rechamante. Durante os últimos quince anos no noso país ven repetíndose aproximadamente o mesmo número: a cifra correspondente ao alumnado das escolas de enxeñería e de arquitectura. Trátase dun dato insólito, pero sobre o que se escorrega. Aquí non houbo nin *explosión* escolar, nin *boom*, nin sequera crecemento sostido e suave. Non houbo nada: un metafísico quietismo. Pero eses egresados tampouco descoñecen o paro. Sábese tamén que fortes continxentes de enxeñeiros -por exemplo de minas ou de montes- adoitan estar en postos burocráticos, entre polizas e papeis, isto é, moi lonxe do que pasa cos montes e coas minas. Que ocorre, que os enxeñeiros estudian grego, socioloxía ou outros luxos? Que teñen malos plans de estudo? Tamén aquí o escándalo da inadecuación entre formación e emprego corre á conta de sectores académicos mafiosos e dese cancro social que se chama sistema de ensino.

Outro dato esencial que aos nosos administrativos pásalles desapercibido: agora a metade dos universitarios españois son universitarias, quero dicir mulleres. Como relacionar universidade e emprego sen ter en conta que o empuxón que as nosas mozas reciben por parte das súas familias ten unha, en boa parte, indirecta e secundaria relación co sistema productivo? Tanto para homes como para mulleres existen máis mercados que o mercado de emprego: o mercado matrimonial, o mercado das amizades, o mercado do ser social materializado nese continuo fregue e rozamiento da vida cotiá. Certo, non hai datos exactos. Pero son feitos evidentes, e iso da exactitude queda por baixo da verdade. Curiosamente o empirismo, a forza de querer ser preciso, fai como aqueles orgullosos e dogmáticos cardeais brechtianos que se negaban a mirar polo imperfecto tubo de Galileo.

Un último feito e tamén de vulto. Non é un segredo estatístico que a incidencia do paro entre a masa de licenciados arroxa cifras que son, como mínimo, non sensiblemente maiores que as que corresponden a eses grupos de idade. Cunha estrutura ocupacional practicamente invariable, agora a universidade -ata como está- logra inserir profesionalmente, ben ou mal, a máis das catro quintas partes dos seus titulados. Por que entón tanto escándalo? Oído ao que di o noso contable: é que un licenciado supón un custo moi alto e non podemos permitirmos ese malgasto. Só que hai custos económicos, custos sociais e concretos balances de despilfarros que constitúen un investimento de rendibilidade segura. Reducindo sen máis o alumnado hai que pensar que a incidencia do paro entre

licenciados -non a sicolóxica, senón a que indican as cifras- sería a mesma ou semellante: véxase o caso dos enxeñeiros. Por outra banda, non é indiferente, nin desde a perspectiva individual nin desde unha perspectiva global, ingresar na orde de parados cinco anos antes ou cinco anos despois. Por iso a universidade non é unha tan improductiva fábrica de parados, senón, dentro dunha contabilidade de custos non miope, un aliviadoiro e un rendible investimento; sobreenténdese que non para a *sociedade* senón para quen din a *sociedade*, ou sexa para quen mandan. Pero nada disto é materia de contabilidade. Esta parece ter un só gozne ao redor do que todo xira: que o fluxo dos que saen das universidades é maior que o dos que entran no sistema produtivo.

Circunscrito no plano do contrastable a unha discusión contable sobre datos de natureza administrativa e excluindo a consideración e posta en xogo de materiais empíricos esenciais, podería ser que os principais avais da perspectiva que estou criticando fosen, non de índole empírica, senón de carácter teórico: unha severa e seria reflexión presidida polo realismo. Paradoxalmente o característico discurso técnico sobre *universidade e emprego* valería, non o que valen os seus datos, senón o que valen os seus principios, os seus supostos, as súas hipóteses, a súa teoría. Canto valen as ideas xerais de quen din non querer ter ningunha? Carentes de datos precisos, cales son as súas ideas claras e distintas?

## 6.- Sobre o misterio da Transubstanciación

